

**EXPOSICIÓN NO MUVICLA** ▶ O Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria de Lãncara expón de forma temporal un tractor e un deportivo Porsche, proba de que «marcas de coches das máis glamurosas da historia» xurdiron no «corazón das fábricas de tractores».

## O glamur está no rural

TEXTO: A. CASANOVA  
FOTO: VILA

**CONTA MARCOS** Vázquez Marey, artífice do Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria (Muvicla) de Trasluste (Lãncara), que un pique entre Ferruccio Lamborghini e Enzo Ferrari por unha cuestión mecánica foi o detonante para que o primeiro, procedente dunha familia italiana que na súa orixe se adicaba á cría de touros de lidia, comezase a fabricar vehículos de alta gama.

«Lamborghini é unha marca mítica de coches, pero realmente é unha marca de tractores», explica, un caso que non é único, senón que algúns dos modelos deportivos máis laureados ao longo da historia «naceron da enxeñaría da mecanización agraria».

Como proba deste feito, o Muvicla, integrado nunha casa de labranza con máis de 200 anos de antigüidade, vén de abrir unha exposición temporal na que se poden ver un coche Porsche de 1962 e un tractor da mesma marca fabricado xusto unha década antes.

Segundo explica Marcos Vázquez, trátase dun deportivo 356, o primeiro modelo de Porsche, que emprega o chasis do Volkswagen 'escarabajo' e presenta «uns acabados e unha calidade extraordinaria», ademais de «90 cabalos, que é moitísimo para a época».

Pertence a Carlos Somoza, que o cedeu para esta exposición, que permanecerá aberta dous meses. No caso do tractor, propiedade do vilalbés Manuel Prieto, destaca o seu cadro con cinco reloxos, «impensable» para os anos 50 do pasado século, que imita ao dun turismo xunto a outros elementos como «un capó abatible ou unha caixa portadocumentos».

«Agora son tractores moi valorados por ser Porsche e clásicos, pero no seu momento non eran competitivos», comenta o experto, quen opina que o fabricante «fracasou un pouco por querer



Marcos Vázquez Marey, xunto a un Porsche de 1962 e un tractor da mesma marca de 1952. VILA

emular a disciplina de funcionamento nos coches, que pouco tiña que ver cos tractores».

**ASTON MARTIN.** Aston Martin é outra das marcas con glamour que comezou a súa traxectoria con maquinaria agrícola. De novo a anécdota e unha certa disputa están na orixe do seu salto á industria do automóbil. «David Brown, que era un fabricante de tractores, comprou Aston Martin, marca de coches que nunca producira, porque quería facer o coche para a película de James Bond e non tiña patentada unha marca», expón Marcos Vázquez. Nacía así o primeiro «DB5 de 007», no que figuran as siglas do seu fundador.

O responsable do Muvicla ten en mente organizar no futuro outra exposición temporal cun coche e un tractor desta mesma marca aproveitando que nas propias instalacións xa teñen «o máis antigo de Galicia», do ano 1947.

Para poder preparar este tipo de

### Ampliación Un John Deere para a colección permanente

O Muvicla intentou «converter a ameaza do covid nunha oportunidade para facer cousas para as que non había tempo». Así, nestes últimos meses comprou para a colección permanente un tractor John Deere 550, «o primeiro que se fabricou en España baixo a marca Lanz» e que está en fase de restauración.

**Biomasa** 6  
Tamén instalou calefacción por biomasa, mellorou os paneis informativos e avanzou na restauración da colleitadora autopropulsada.

mostras o museo incorporou unha carpa cunha axuda da área de Medio Rural da Deputación.

Complementábase así unha colección permanente formada por unha decena de tractores en perfecto funcionamento e multitude de maquinaria agrícola, que xa foi visitada dende a súa apertura, en xuño do 2019, por numerosas persoas, na súa maioría cun perfil «cultural, de xente que é de museo e valora o patrimonio».

O obxectivo de Marcos Vázquez con esta mostra sobre o glamour é «atraer xente que non teña nada que ver co rural, que lle chame a atención ver un coche superdeportivo ó lado dun tractor, e que posiblemente ignore que esta marca, neste caso Porsche, antes de facer este coche, fixo este tractor».

No fondo, o desexo do Muvicla é sempre o mesmo: poñer en valor o mundo rural, destacar o seu potencial e, a través da historia da locomoción agraria, reivindicar o gran valor do campo galego.

**Os hostaleiros do Páramo teñen 15 días para solicitar as axudas que ofrece o Concello**

O Páramo

DELEGACIÓN

**SARRIA.** O Concello do Páramo abre dende hoxe un prazo de 15 días para presentar as solicitudes de axudas ao sector hostaleiro afectado polo covid e as restricións que conleva.

As bases que regulan a convocatoria deste plan de apoio á hostalaría foron publicadas onte no Boletín Oficial da Provincia, de modo que o prazo empeza a contar hoxe.

O modelo de solicitude estará dispoñible nas oficinas municipais e na web do Concello. Poderá presentarse tanto por vía telemática a través da sede electrónica como nas propias instalacións do consistorio, acompañado da documentación que se require.

Este plan de apoio, cun orzamento de 6.000 euros, dirixese aos hostaleiros que tiveron que cerrar os seus establecementos ou que viron mermados os seus ingresos polo peche recollido na orde da Consellería de Sanidade do 26 de xaneiro.

O obxectivo é «minimizar o impacto da crise económica provocada polo covid-19 e loogar que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, se produza canto antes unha reactivación da economía do noso concello, actuando directamente sobre as persoas físicas e xurídicas máis afectadas».

O importe da subvención virá determinado por unha cantidade máxima de ata 700 euros. O total que se aboará a cada beneficiario será o equivalente ao recibo de autónomos (unha cantidade fixa de 300 euros), gastos en enerxía eléctrica e comunicacións, e outros gastos en concepto de arrendamento do local.

O beneficiario terá que manter a actividade económica como mínimo durante tres meses a partir da finalización do estado de alarma.

## Abre a mostra sobre o dano cerebral adquirido, que afecta a 35.000 galegos

Sarria

DELEGACIÓN

**SARRIA.** O dano cerebral adquirido afecta en Galicia a máis de 35.000 persoas, segundo explicaron onte integrantes da Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace) e de Adace Lugo durante a inauguración dunha mostra que se poderá visitar ata o vindeiro día

23 na antiga prisión de Sarria.

Usuarios das cinco asociacións de Galicia protagonizan esta exposición, que amosa a través de 38 imaxes o labor destas entidades e a realidade dos afectados.

A mostra leva por título 'Punto e seguido. A vida despois do dano cerebral adquirido' para demostrar que «non é un punto final».

Está aberta de 10.30 a 13.30,

pero pode solicitarse unha visita noutro horario chamando ao número 982.53.06.68.

Por parte do Concello participaron na apertura o alcalde, Claudio Garrido; o edil de servizos sociais, Benjamín Escontrela; e a concelleira de muller, educación e igualdade, Geni Valcárcel, que puxeron o acento na importancia de abordar esta temática.



Organizadores e representantes municipais abriron a mostra. VILA